

**É MOI IMPORTANTE QUE ESCRIBAS BEN, SEN ERROS. A ISO ESTAMOS. NON TE APURES PERO FAINO BEN. CORRIXE, USA O DICCIONARIO. NON TES PORQUE FACELO TODO DUNHA VEZ, VAI AOS POUCOS RESPONDENDO ÁS PREGUNTAS.**

Este é o mellor DICCIONARIO que hai:

<https://academia.gal/diccionario#searchNoun.do?nounTitle=incidir>

ESTE TRABALLO TES QUE FACELO NO TEU CADERNO. TEN QUE ESTAR REMATADO O DÍA **27 DE MAIO.**

**NON MO ENVÍES TI. XA CHO PIDO EU** POR CORREO ELECTRÓNICO.

Terasme que mandar fotos das páxinas do caderno .

A NON SER QUE NUNCA ME ENVIARAS UN CORREO, NESE CASO, SE É A PRIMEIRA VEZ QUE ME ENVÍAS TAREFAS MÁNDAMAS SEN QUE CHAS PIDA.

## **LETRAS GALEGAS 2020.**

**Ricardo Carvalho Calero** é un autor cunha traxectoria persoal sinxela, cunha obra destacable, dedicou todo o traballo da súa vida ao estudo da cultura galega e da súa lingua. Por tal motivo se lle recoñece o seu esforzó, o dunha persoa de procedencia humilde, que se dedicou tamén ao cultivo e coidado dunha lingua tamén humilde e ao tempo grande coma a galega. Por tal motivo, e como recoñecemento dedícaselle este ano o [Día das Letras Galegas 2020](#).

Para responder no teu caderno a estas preguntas vas ter que ir lendo esta unidade didáctica. Ao vela, vaiche resultar moi infantil, certamente; está pensada para nenos pero a información que nos aporta sobre o autor é suficiente para que nós o coñezamos un pouco máis de cerca; ten ademais en conta que ser neno non ten nada de malo; volver á infancia e poñernos á altura dos nenos ensínanos moito aos maiores; nós o que queremos é aprender sabendo que os nenos nos dan grandes leccións aos maiores tantas veces.

Ao ler o contido observarás que o galego escrito, moitas veces non coincide coas normas que temos hoxe do galego; porque as normas que temos hoxe do galego daquela non as había e os escritores tiñan un modelo de galego moi propio ou escribían igual que escoitaban falar á xente. En concreto, este autor escribía o seu apelido con lh coma en portugués porque lle gustaba o modelo da lingua portuguesa para aplicar ao galego. Ten en conta isto pero xa sabes que ti tes que escribir na norma que usamos e aprendemos a diario.

## **COMEZAMOS.**

Entra logo aquí para iniciar as tarefas.

[https://issuu.com/ceguipnormalizacion/docs/unidade\\_didactica\\_carvalho\\_completa](https://issuu.com/ceguipnormalizacion/docs/unidade_didactica_carvalho_completa)

- 1.-Nas páxinas 6-7 fálase da vida de Ricardo Carvalho Calero con datos que aparecen nuns círculos que rodean a súa imaxe. Fai unha redacción sobre a súa vida resumindo o contido da información que aparece nos círculos. Mínimo 15 liñas.
- 2.-O autor naceu en Ferrol. Escribe algunha referencia sobre esta cidade en 15 liñas; os datos máis importantes sobre ela, a súa historia e o seu presente. Ubicación xeográfica, os seus lugares máis visitados, etc.
- 3.-En Ferrol hai un teatro moi importante que se chama TEATRO JOFRE. Nas páxinas 8 e 9 ves unha imaxe del por dentro. Descríbeo con palabras. Busca en internet información sobre el e aporta algúns datos; cando se construíu, a importancia que ten, importantes eventos que se celebraron nel, etc.
- 4.-Na páxina 11. Que recorda o autor dos seus anos infantís?
- 5.-Cal é un dos poemas máis antigos que se lle coñecen e de que ano data?
- 6.-Cantos irmáns e irmás tiña?
- 7.-Como facía para ir ao Instituto e a onde ía?
- 8.-Onde se examinou de bacharelato e que lle chamou a atención alí?
- 9.-Entre 1950 e 1965 foi profesor e director dun colexio. De que colexio e de que cidade.
- 10.- Tras aprobar unhas oposicións obtivo a cátedra de lingüística e literatura na Universidade de.....no ano.....
- 11.-Menciona 10 títulos das súas obras máis importantes.
- 12.-Un dos relatos breves para nenos é “As pitas baixo a choiva”. Di todo o que saibas del.
- 13.-Fai os dous exercicios da páxina 27. Debuxa o mapa de Galicia no caderno e sitúa eses lugares.
- 14.-Fai o exercicio da páxina 30 relacionando os días coas feiras.
- 15.-En que consistían as merendas de Ricardo? Di o nome das comidas do día en galego. Hai unha que se facía a media mañá que se denominaba “tomar a parva”. Como se madrugaba moito para ir aos traballos, era preciso comer algo entre o almorzo e o xantr.
- 16.-Ponte na páxina 34 e explica. Que era unha corredeira? Como eran os carros en Galicia, como se facían? Para que se utilizaban? Fala un pouco deles. Inclúe un debuxo ou unha imaxe recortada. Busca o poema “O carro” de Manuel María con música do grupo Fuxan os Ventos. Despois de escoitalo di de que trata e que che pareceu.
- 17.-Na páxina 35 fálase dos ovos. Que fan as galiñas cando rematan de poñer un ovo? Cantos ovos acostuma poñer unha galiña diariamente? Como se alimenta unha galiña poñedora? Cales son as partes dun ovo? Contesta ás 4 preguntas que aparecen ao lado da foto dos ovos. E por último, porque sexan bos os ovos podemos comer os que nos dea a gana?
- 18.-Páxina 43. Cando chove, as pitas móllanse nos galiñeiros e as súas plumas quedan enchoupadas. De aí vén a frase “púxenme coma un pito”. Que chova é moi importante e necesario porque nos fai falta auga limpa e pura; o ben máis necesario para a natureza e as nosas vidas, indispensable para as nosas vidas

coma o aire tamén puro que respiramos, a auga que bebemos. Na páxina 43 aparece unha imaxe que ilustra o ciclo da auga. Explicao con palabras.

19.-O autor homenaxeado este ano por mor do DÍA DAS LETRAS GALEGAS fixo un importante labor na defensa da cultura de Galicia e do seu idioma. Pareceche necesario que haxa xente así que defenda a lingua e cultura de Galicia? Pensas que en Galicia hoxe en día hai moita xente así? Facemos abondo por defender a lingua galega e ou poderíamos facer moito máis. Dá a túa opinión e explicao.

20.-Que che pareceu deste traballo que fixeches? Opina.